

Era unha fría tarde de inverno, en Sarria, onde nenos e nenas xogaban ata o solpor. Cando a luz e a calor se agochaban no horizonte, e a xélida escuridade cubría o val, todos eles eran chamados polos seus pais para seren refuxiados no quente fogar. Todos eles, excepto unha nena, Xoana. Ela xa non tiña pais, levaraos un terrible accidente, e consigo o seu sorriso.

Xoana tivera que mudarse cos seus tíos e acercábase o primeiro Nadal sen os seus pais. Queríaos moito, mais ela non quería pasalas festas alí, para ela non era o mesmo. O seu maior desexo neste mundo era poder abrir un agasallo feito dende o corazón dos seus defuntos pais, aos que botaba en falta moitísimo.

Mentres ela remataba de xogar, un viaxeiro procedente do oriente chegaba ó pobo. El non sabía falar ningunha das linguas destas terras, nin interese tiña, pois en canto rematase a su misión, endexamais volvería pisar a rexión. Os seus cálculos astronómicos levárano ata Sarria, seguindo a tradición familiar de cazar a estrela de inverno, que unha vez ó ano estrelaba nalgún recuncho da Terra.

Dende facía centos de anos, os seus devanceiros levaran a termo o labor de encontrar e destruír estas estrelas para que non caeran en malas mans, pois contiñan elas mesmas un gran poder. Mais este ano ó novato viaxeiro corríalle présa, pois chegaba tarde ó impacto da estrela. En canto rematou de instalarse no hotel, saíu correndo co seu material en busca do punto exacto da colisión.

E xusto a estrela foi caer no medio do parque. Entón, Xoana viu unha estela de cor azulado case branco cruzando o ceo, que pronto desapareceu. De socato oíu algo entre os arbustos, remexeu nas plantas e dentro atopou un obxecto brillante e moi luminoso, era unha especie de esfera con pinchos, unha estrela de inverno. Con coidado, Xoana colleu a estrela, sentía unha tenra calor nas súas mans. Observouna fixamente, o pequeno corpo celeste comezou a brillar con mais intensidade, e cando cesou, convertérase nunha caixiña envolta en papel de agasallo.

Xoana analizou a caixa, confundida, pero a súa mente infantil xa asumira que se trataba dun obxecto máxico. Dándolle voltas, atopou unha etiqueta cunha data, data que non era nin daquel día nin dos anteriores, senón do Nadal para o que xa faltaban poucos días. E debaixo desa data, a dedicatoria: “Con cariño, mamá e papá”.

Cando, por fin, chegou o cazador de estrelas, atopou no lugar unha nena sentada no chan, abrazando unha gran caixa como se fose o seu ben más prezado. Co sorriso mais forte que vira xamais, e chorando de alegría.

Como toda estrela de inverno, esta cumprira o maior desexo do seu portador, por imposible que fora. O viaxeiro apiadouse da nena e fixo a vista gorda volvendo a casa sen estrela. Pois a estrela que cumpre o desexo dun bo corazón doído, é boa estrela.